

REGISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 18/07/2023 13:00:59

SAIDA 12927/23

Zeltia Burgos Tortosa (Secretaria Nacional da
CIG-Autónomica)
autonomica@cigadmon.gal

Expediente: A.4.Q/13213/23

Santiago de Compostela, 17 de xullo de 2023

Estimada Sra Burgos Tortosa:

Recibido nesta institución o seu escrito de queixa, este deu lugar ao expediente co número que figura arriba.

Unha vez estudado o seu escrito comunicámoslle a súa admisión a trámite, ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei do Valedor do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución.

En consecuencia, coa data de hoxe iniciamos as actuacións oportunas ante as Consellerías de Facenda e Administración Pública e de Medio Rural. En concreto requirimos desas administracións que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos faciliten información sobre os problemas que motivan a súa queixa. Tan pronto como recibamos os preceptivos informes que esas administracións teñen que remitirnos poñerémonos de novo en contacto con vostede para darlle conta da nosa actuación ao respecto.

Se vostede conta con vías de recurso e desexa facer uso delas, a admisión a trámite da súa queixa non suspenderá en ningún caso os prazos previstos nas leis para presentar o recurso correspondente fronte a resolución administrativa controvertida, tanto na vía administrativa como na xurisdiccional. Temos que sinalar tamén que a Valedora do Pobo non pode entrar no exame individual daquelas queixas sobre as que estea pendente resolución xudicial e debe suspender a súa actuación no caso de que, unha vez iniciada a tramitación da queixa, se interpuxese por persoa interesada demanda ou recurso ante os tribunais ordinarios ou o Tribunal Constitucional. Isto non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais expostos nas queixas presentadas. En calquera caso velará porque a Administración resolva expresamente, en tempo e en forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Agradézolle a confianza que nos demostra, reciba un atento saúdo

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo